

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO DE CARA Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2022/2023 CO FIN DE CONSOLIDAR O EMPREGO TEMPORAL

Aprobada no Consello de Goberno o 20/12/2022

O Consello de Goberno do 28/04/2022 aprobou os criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023 co fin de consolidar o emprego temporal.

A disposición adicional do acordo do Consello de Goberno habilitou á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar a convocatoria dirixida aos departamentos co fin de que estes presenten as solicitudes de participación neste programa de promoción. En virtude desa habilitación, publicouse a convocatoria na Sede Electrónica o 04/05/2022 resolta coa publicación da correspondente resolución definitiva o 27/06/2022.

Na dita resolución constatouse que, por primeira vez na traxectoria deste programa, todas as solicitudes que cumpriron coas bases da convocatoria foron aceptadas, garantindo así unha oportunidade de consolidación a todo o persoal docente que cubre necesidades docentes estruturais tendo as condicións de acceso á figura de Axudante Doutor/a.

Nun momento que para a Universidade da Coruña é prioritario manter esta liña de consolidación do emprego temporal, e constatando a necesidade de integrar medidas tendentes a unha renovación ordenada da plantilla neste programa de promoción, dáse un novo impulso á incorporación na carreira académica de novo profesorado con proxección de estabilización.

Finalmente, de acordo co compromiso da Universidade da Coruña coa inclusión de persoas con discapacidade, inclúese unha reserva do 5% das prazas de acordo coas recomendacións da CRUE para o cumprimento da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Para levar a cabo estes obxectivos, apróbase de forma extraordinaria a presente convocatoria.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria extraordinaria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará unha nova convocatoria pública de concursos de acceso á categoría de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023.

Este procedemento rexeráse pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. Requisitos para participar no programa de promoción

1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos nos que, co PDA inicial aprobado no mes de abril de 2022 para o curso académico 2022/2023, se cumpra que as necesidades docentes superan a capacidade das áreas para as que se presenten candidaturas.

Non contabilizarán neste cómputo:

- Na situación concreta que se precisará neste punto 2.1, as prazas creadas no marco de programas específicos de captación de investigadores/as doutores/as (programas Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent, Juan de la Cierva incorporación, etc.).
- O profesorado subrogado desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico ás súas necesidades docentes e capacidade.

Para estes efectos enténdese por:

- Necesidades docentes: Horas do encargo docente á área de coñecemento no PDA inicial do curso académico 2022/2023 de acordo co Art. 2 da Normativa pola que se regula a dedicación do Persoal Docente e Investigador (aprobada polo Consello de Goberno do 24/02/2022), excluindo o encargo docente do Grao en Turismo que computará nas solicitudes presentadas para o seu profesorado.

- Capacidade: Suma dos seguintes compoñentes:

- a. Dedicación Académica do profesorado permanente da área de coñecemento, incluído o PDI con reserva de posto de traballo, de acordo co Art. 1 da mesma norma.

Deducirase a Dedicación Académica do profesorado permanente da área de coñecemento que tivera prevista a súa xubilación forzosa antes do 01/09/2024.

Co obxecto de cubrir a reserva de prazas de discapacidade e no caso de existir candidaturas, deducirase ademais 240 horas por cada profesor/a permanente que tivera prevista a súa xubilación forzosa antes do 01/09/2025, e así sucesivamente computando ano por ano ata tres iteracións máis, antes de declarar vacante a dita reserva de prazas.

- b. Dedicación Académica do profesorado con compromiso de estabilización: a estes efectos a dedicación inicial deste profesorado será de 240 horas. Inclúirase as interinidades que ocupen temporalmente prazas de Axudante Doutor/a da RPT, no caso de non presentarse nesta convocatoria.

Non incluír os compromisos dos programas específicos de captación de investigadores/as doutores/as indicados neste punto 2.1, no caso de existir na área interinidades anteriores ás incorporacións destes investigadores/as, sen ter unha oportunidade de acceder á convocatoria dunha axudantía.

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. Os candidatos/as propostos/as serán Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución ou Asociados/as con acreditación a Axudante Doutor/a ou superior na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, que non accederan ao seu contrato co procedemento de urxencia.

Para optar ás prazas da reserva para persoas con discapacidade, os candidatos/as propostos/as deben xustificar un grao de discapacidade superior ou igual ao 33%.

De existir candidatos/as que teñan cumprido o seu período máximo de contratación como Axudante Doutor/a, valorarase a súa derivación á convocatoria de prelación da OEP 2023.

3. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, terán preferencia as áreas con maior diferenza entre necesidades docentes e capacidade segundo o determinado no punto 1.

3. Número de prazas que se ofertan e limitacións por área de coñecemento

1. Poderán aprobarse 20 prazas de Axudante Doutor/a. Neste límite inclúense as candidaturas de profesorado subrogado como consecuencia da integración do grao en Turismo.

De acordo co establecido na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, resérvase unha das prazas a candidatos/as que xustifiquen un grao de discapacidade superior ou igual ao 33%. Dita reserva poderá ampliarse coas candidaturas que podan ser aprobadas sen precisar do cómputo específico da capacidade indicado no punto 2.1.

2. Poderá convocarse máis de unha praza na mesma área de coñecemento:

- cando as necesidades docentes superen aínda a capacidade, engadindo 240 horas por cada un dos eventuais novos compromisos de estabilización; neste caso o departamento deberá indicar un número de orde por cada candidatura proposta.

- cando a solicitude inclúa profesorado subrogado desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico das súas necesidades docentes e capacidade, coa limitación establecida no parágrafo anterior.

- cando a solicitude inclúa unha candidatura á reserva de prazas de discapacidade, que poderá optar a este programa co cómputo específico da capacidade segundo o indicado no punto 2.1, tendo en conta a limitación da dita reserva de prazas.

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4. Data de inicio dos contratos

Co fin de poder asegurar o compromiso da Universidade da Coruña coa estabilización do profesorado Axudante Doutor, tendo en conta as limitacións orzamentarias e de taxa de reposición vixentes, os contratos correspondentes terán como data de inicio o 01/09/2023, sempre que sexan asinados con anterioridade.

5. Compromisos que adquiren os departamentos que desexen participar no programa de promoción

A creación dunha praza de Axudante Doutor/a supón o compromiso das áreas de coñecemento de asumir 240 horas de encargo docente no curso académico 2023/2024 co seu actual cadro de persoal. A presentación de candidaturas con contrato a tempo parcial supón a revisión da dedicación doutros contratos a tempo parcial da área para o curso 2023/2024, sempre que non se xustifiquen necesidades docentes.

6. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo I a esta convocatoria e dirixiranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. As solicitudes presentaranse, logo do acordo do Consello de Departamento, exclusivamente nos Rexistros da UDC, de acordo co Regulamento do rexistro da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno o 28/02/2018).

Coa solicitude achegarase:

- Unha copia simple do certificado de acreditación a Axudante Doutor/a do Profesora/a Contratado/a Interino/a ou Asociado/a da área de coñecemento para a que se postula a convocatoria da praza de Axudante Doutor/a.
- Unha copia simple actualizada da certificación do recoñecemento do grao de discapacidade, no caso de candidaturas á reserva de prazas para a inclusión do PDI con discapacidade.
- Autorización da persoa acreditada para o uso destes documentos para a solicitude da convocatoria dunha praza de Axudante Doutor/a mediante os modelos dos Anexos II e III.
- A solicitude en modelo oficial de convocatoria da praza de Axudante Doutor/a.

7. Admisión de solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de áreas de coñecemento onde se convocarán as prazas incluídas nesta convocatoria. Nesta relación constarán desagregados os datos sobre necesidades docentes e capacidade establecidos no punto 2.1.

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos a resolución de aprobación da prelación provisional. Contra dita resolución os departamentos poderán emendar a solicitude ou presentar reclamación ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC. A reclamación presentárase nos Rexistros da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, publicarase a resolución da prelación definitiva. A posterior convocatoria das prazas terá a difusión que corresponde ao selo HRS4R.

8. Norma final

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente dará conta aos Representantes dos/as Traballadores/as e ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

9. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para fixar a distribución por áreas de coñecemento das prazas de Axudante Doutor/a que se pretenden convocar no curso académico 2022/2023 na UDC.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

O correo da Delegada de Protección de Datos é dpd@udc.gal.

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



10. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán os/as interesados interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A Coruña, 9 de xaneiro de 2023

Código Seguro De Verificación	smb97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smb97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2022/2023

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

DEPARTAMENTO:	
ÁREA DE COÑECEMENTO PARA A QUE SE SOLICITA A PRAZA DE AXUDANTE DOUTOR/A:	
MARCAR SEGUNDO O CASO: NÚMERO DE ORDE NA ÁREA PROFESORADO SUBROGADO DO GRAO DE TURISMO CANDIDATURA Á RESERVA DE PRAZAS DE INCLUSIÓN CANDIDATURA CON TEMPO CONSUMIDO COMO AXUDANTE DOUTOR/A	
NOME DO/A PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A DE SUBSTITUCIÓN OU ASOCIADO/A ACREDITADO/A:	
CATEGORÍA ACTUAL:	DEDICACIÓN:

O Consello do Departamento de _____ na súa sesión do __/__/2023 acordou propoñer a convocatoria dunha praza de Profesor/a Axudante Doutor/a de acordo co procedemento establecido na Convocatoria do 09/01/2023 para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria extraordinaria de prazas de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023 con fin de consolidar o emprego temporal (Resolución do Consello de Goberno do 20/12/2022).

No caso de prosperar esta solicitude, este Departamento comprométese a que:

1. A creación dunha praza de Axudante Doutor/a supón o compromiso das áreas de coñecemento de asumir 240 horas de encargo docente no curso académico 2023/2024 co seu actual cadro de persoal. A presentación de candidaturas con contrato a tempo parcial supón a revisión da dedicación doutros contratos a tempo parcial da área para o curso 2023/2024, sempre que non se xustifiquen necesidades docentes.

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

1. Copia da acreditación de Axudante Doutor/a do/a candidato/a
2. Certificación actualizada do recoñecemento do grao de discapacidade, no caso de candidaturas á reserva de prazas para a inclusión do PDI con discapacidade
3. Solicitude en modelo oficial de convocatoria de praza de Axudante Doutor/a

Data:

O/A director/a do Departamento

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo II

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE CERTIFICACIÓN DE ACREDITACIÓN DE AXUDANTE DOUTOR/A

Eu _____ con DNI: _____ autorizo ao Departamento de _____ da Universidade da Coruña, para achegar a miña acreditación de Axudante Doutor/a coa solicitude de convocatoria dunha praza de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023 na área de coñecemento de _____, ao amparo da Convocatoria Extraordinaria para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023 co fin de consolidar o emprego temporal (Resolución do Consello de Goberno do 20/12/2022) e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Do mesmo xeito, sempre que o así o estime, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poderei dirixirme á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.

En _____, a ____ de _____ de 2023

(sinatura)

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo III

**AUTORIZACIÓN PARA O USO DE CERTIFICACIÓN DE GRAO DE
DISCAPACIDADE**

Eu _____ con DNI: _____ autorizo ao Departamento de _____ da Universidade da Coruña, para achegar a miña certificación de grao de discapacidade coa solicitude de convocatoria dunha praza de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023 na área de coñecemento de _____, ao amparo da Convocatoria Extraordinaria para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudante Doutor/a no curso académico 2022/2023 co fin de consolidar o emprego temporal (Resolución do Consello de Goberno do 20/12/2022) e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Do mesmo xeito, sempre que o así o estime, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poderei dirixirme á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.

En _____, a ____ de _____ de 2023

(sinatura)

Código Seguro De Verificación	smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	09/01/2023 13:03:14
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/smbe97S1vFbntPGiVgMtsg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

